



... Ordenanzas y Reglamentos

Nueva Búsqueda

Vimianzo - ORDENANZA FISCAL Nº 25, ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR LICENZAS URBANÍSTICAS ESIXIDAS POLOS ARTIGOS 194 E CONCORDANTES DA LEI DE ORDENACIÓN URBANÍSTICA E PROTECCIÓN DO MEDIO RURAL DE GALICIA, DO 30 DE DECEMBRO DE 2002, E ARTIGOS 10 E CONCORDANTES

Publicación provisional : 17-11-2007 BOP Nº 266 -- Publicación definitiva : 31-12-2007 BOP Nº 300

Redacción Aplicable desde 21-03-2012

Redacciones

- Fundamento legal. Artigo

1
 - Obriga de contribuir .
Artigo 2

- Base imponible e cota
tributaria . Artigo 3

- Exencións ou bonificacións
. Artigo 4

- Xestión. Artigo 5

- Artigo 6º

- Artigo 7º

- Disposición derradeira

Fundamento legal. Artigo 1

De conformidade co disposto nos artigos 15 o 19 da Lei 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, establécese a taxa por licenzas urbanísticas esixidas polo artigo 194 e concordantes da Lei 9/2002, do 30 de decembro e artigo 10 do Regulamento de disciplina urbanística de Galicia aprobado polo Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro.

Obriga de contribuir . Artigo 2

1. Feito imponible.- Constitúe o feito imponible da taxa a prestación dos servizos técnicos e administrativos necesarios para o outorgamento das licenzas referidas no artigo anterior, verificar se os actos de uso do solo se axustan ás normas urbanísticas de edificación e policía previstas no ordenamento xurídico; inclúense as licenzas que resulten das ordes de execución así como as licenzas de parcelacións urbanísticas e de división e segregación de predios en solo rústico nos termos de lexislación urbanística.

2. Obriga de contribuir.- A obriga de contribuir nace coa petición da licenza ou dende a data en que debeu solicitarse no caso de que fose preceptiva.

3. Suceso pasivo:

a) Están obrigados ó pagamento da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria que sexan propietarias ou posuídores ou, no seu caso, arrendatarios dos inmobles nos que se realicen as construcións ou instalacións ou se executen as obras suxeitas a licenza urbanística.

Base imponible e cota tributaria . Artigo 3

1. Tomarase como base imponible da taxa o custo real da obra ou construción, instalación, e demais usos urbanísticos suxeitas a licenza desta natureza. Tomarase como base da presente exacción o custo real da obra ou construción segundo presuposto do proxecto técnico, sempre que estivese visado polo colexio oficial correspondente; noutro caso, a base imponible determinarase polos técnicos municipais aplicando os baremos ou tarifas dos ditos colexios profesionais. Non formarán parte da dita base os impostos e taxas, os honorarios de profesionais, o beneficio empresarial do contratista nin calquera outra concepto que non integre o custo de execución material.

2. A cota tributaria determinarase por aplicación da seguinte.

Tarifa:

Ó presuposto da obra, determinado segundo o establecido no apartado 3.1 que precede, aplicarase como tarifa a porcentaxe do 0,50 por cento.

Establécese, con carácter subsidiario, unha tarifa mínima de 20,00 euros.

Exencións ou bonificacións . Artigo 4

Aqueles establecementos que soliciten licenza para a súa instalación no Polígono Industrial de Vimianzo, durante os anos 2011 e 2012, terán dereito a unha bonificación de 90 por cento da taxa resultante."

Xestión. Artigo 5

1.- Os suxeitos pasivos están obrigados a presentar autoliquidación da taxa, determinándose a base imponible en función o presuposto declarado polo interesado, e a ingresala, en calquera entidade colaboradora autorizada, ó solicitar a licenza preceptiva, sen que o pago realizado conleve ningún tipo de presunción ó acto declarativo de dereito a favor daqueles. A referida autoliquidación e un acto do obrigado tributario, cuxo importe será reintegrado ao contribuínte, se por causas non imputables ao mesmo non chegara a prestarse o servizo.

2.- Unha vez rematadas as obras, construcións e instalacións, os suxeitos pasivos deberán presentar autoliquidación complementaria do tributo no caso de que o custo real e efectivo da obra sexa superior o declarado. A autoliquidación presentarase e ingresarse xunto coa autoliquidación do imposto sobre construcións, instalacións e obras.

3.- Cando os suxeitos pasivos non tiveran abonado a correspondente autoliquidación da taxa en prazo, ou se tivera presentado e abonado aquela por cantidade inferior á cota que resulte do orzamento aportado, a Administración municipal poderá practicar e notificar unha liquidación provisional pola cantidade que proceda e incoará o correspondente procedemento sancionador.

Artigo 6º

As cotas liquidadas e non satisfeitas dentro do período voluntario faranse efectivas pola vía de constrinximento, de acordo coas normas do Regulamento xeral da recadación.

Artigo 7º

Os interesados na obtención das licenzas presentarán a oportuna solicitude con especificación da obra ou construción a realizar, emprazamento, presuposto real desta e proxecto técnico suscrito polo facultativo competente.

Disposición derradeira

A presente ordenanza entrará en vigor una vez aprobada definitivamente, e publicada o seu texto íntegro no BOP, consonte co previsto no art. 107.1 da LBRL, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa. Comenzará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2008, se a súa publicación definitiva no BOP se produce antes do 1 de xaneiro de dito ano, e senon o día seguinte da su publicación.